IES DE VIÓS
ABEGONDO
CURSO 2010/2011

PROXECTO LINGÜÍSTICO

OBXECTIVOS

1.- Prestixiar a lingua galega e conseguir que desaparezan as actitudes negativas e prexuízos á hora do seu uso.

2.- ***Que ao remate da ESO o alumnado desenvolva unha boa competencia na súa L1 e acade tamén unha boa competencia na L2***

As actividades propostas obedecen á consecución dos obxectivos xerais, se ben fíxanse algúns obxectivos específicos moi concretos:

- **Fomentar o uso do galego, a nivel oral e escrito, por parte dos membros da comunidade educativa.**
- **Promover o galego como lingua vehicular nas distintas materias que se imparten no centro.**
- **Fomentar o hábito lector en galego prestando atención especial a aqueles autores que resulten máis atractivos para o noso alumnado.**
- **Situar o galego como instrumento básico de difusión da cultura.**
- **Potenciar a conservación do patrimonio cultural e do patrimonio inmaterial galegos.**
- **Divulgar a normativa oficial con respecto a lingua galega e velar polo seu cumplimento.**
- **Axudar á normalización lingüística e cultural do contorno, alí ata onde o centro teña capacidade de influencia.**

DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR

Conforme o establecido no Decreto 79/2010 o claustro de profesores completa as materias que se impartirán este curso en lingua galega e que garanten o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Hai que facer constar que , en ocasións, o profesorado escolle a lingua na que imaprte a súa materia en función dos materiais cos que conta, xa que, no caso do galego, por exemplo, non atopa bibliografía suficiente que se adapte aos seus obxectivos . Isto sucede en materias como reforzos educativos, atención á diversidade, obradoiro de iniciativas emprendedoras, etc.

- **1º ESO:**

  Lingua Castelá: Ed. Física, P. Interdisciplinar e Titoría.**TOTAL: 11 h.**
  Lingua Galega: EPeV, Atención Educativa. **TOTAL: 11 h.**

- **2º ESO:**

  Lingua Castelá: Ed. Física, Atención Educativa e Titoría.**TOTAL: 12 h.**
  Lingua Galega: Educación para a cidadanía **TOTAL: 11 h**

- **3º ESO:**

  Lingua Castelá: Ed. Física e Atención Educativa. **TOTAL:13 h.**
  Lingua Galega: T.I.E, Ed. Plástica e Titoría. **TOTAL: 13 H**

- **4º ESO:**

-Lingua Castelá: Ed. Física, Atención Educativa, Informática e Titoría. **TOTAL: 14 h.**
-Lingua Galega: Música e Ed. Plástica. **TOTAL: 13 h.**

<u>DISTRIBUCIÓN TOTAL:</u>

- 1º ESO: 11 h. cada unha das linguas
- 2º ESO: 12 h. lingua castelá e 11 lingua galega
- 3º ESO: 13 h. cada unha das linguas
- 4º ESO: 14 h. lingua castelá e 13 lingua galega

SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DE PARTIDA

A situación sociolingüística do centro concretámola para este curso partindo da observación da realidade e, examinando tamén os datos obtidos na última análise realizada no 2000, partimos dun contorno galegófono : unha maior presenza da lingua galega tanto no contexto físico e social en que está situado o centro, coma nos perfís do alumnado e profesorado.

➢ Contorno social:

Abegondo está situado moi próximo á cidade da Coruña e á vila de Betanzos, os dous maioritariamente castelán-falantes. Aínda así a poboación abegondesa exprésase maioritariamente en lingua galega, especialmente as vellas xeracións que son practicamente monolingües en galego. No tocante ás novas xeracións percíbese un ascendente bilingüismo, isto é apreciable nos pais dos nosos alumnos, que adoitan facer un uso diglósico da lingua ao non ter unha valoración positiva da súa lingua habitual. Este comportamento é transmitido aos fillos pois, en moitos casos, pais galego-falantes habituais educan aos seus fillos en castelán. Isto explica que cada vez nos atopemos nas aulas, de xeito paulatino, máis nenos e nenas que utilizan o castelán de xeito habitual. Isto significa que se perde a transmisión primaria da lingua.
Tamén observamos, cada vez con maior claridade unha diferenciación lingüística entre a poboación habitual de Abegondo, maioritariamente rural e que se adica fundamentalmente ao sector primario, que segue conservando a lingua e unha nova poboación á que poderiamos chamar "residencial", é dicir, novos habitantes que proceden do medio urbano e se asentan fundamentalmente nos lugares de Crendes e Orto. Esta poboación é monolingüe en castelán.
No tocante ás Institucións, o Concello, que é o organismo co que o centro establece unha maior relación, utiliza o galego como lingua institucional.

➢ Situación lingüística do centro:

Uso do galego nas relacións orais e escritas coa comunidade escolar e extraescolar
A lingua institucional do IES Viós é o galego. Eata é a lingua maioritaria que se utiliza para as intervencións en Claustros e reunións de calquera tipo. Nas relacións escritas, independentemente do destinatario, a única lingua que se emprega é a lingua galega.

Uso do galego nos carteis, taboleiros, etc. Os anuncios, carteis, sinalización e información exposta nos taboleiros está en lingua galega, agás cando se trata de exposicións didácticas de materias que empregan o castelán como lingua vehicular.

Situación do profesorado:

Situación do estatus: valoración da lingua.

Non hai un padrón único que se poida aplicar ao profesorado do centro. Hai profesores con competencia plena en lingua galega, que a teñen como lingua exclusiva e unha valoración alta da mesma. Este profesorado transmite estas actitudes aos seus alumnos, usa o galego como lingua vehicular e traballa pola valorización e extensión do uso da lingua.
Ao mesmo tempo hai profesores que fan un uso "litúrxico" da lingua: empregan o galego como lingua vehicular na aula, pero nas relacións externas á aula tenden ao uso do castelán. Este tipo de "usos formais" son percibidos negativamente polos alumnos, e non axudan á normalización da lingua. No tocante á competencia, todos teñen competencia activa, pero nalgúns casos presentan dificultades no uso da lingua estándar. Será labor do ENDL ter esta circunstancia presente á hora de fixar os obxectivos e medidas necesarias para a mellora da normalización no centro e o aumento da competencia, especialmente escrita.

Situación do alumnado:

ANÁLISE DOS USOS E ACTITUDES LINGÜÍSTICAS ENTRE O ALUMNADO DO IES VIOS.
Autores: Alumnado de 2ºB.

Os alumnos de 2º B realizaron unha análise dos usos e actitudes lingüísticas entre todo o alumnado do IES Viós, a través dunhas enquisas.
Eis os resultados que obtiveron, detallados por cursos e por sexos:

USOS LINGÚÍSTICOS DO ALUMNADO DO IES VIÓS:
ALumnado que se declara galego falante habitual (44%) ou castelán falante habitual: (56%)

usos lingüísticos:



ANÁLISE DOS USOS POR SEXOS:

homes



mulleres



ANÁLISE DOS USOS POR CURSOS E SEXOS:









CONCLUSIÓNS: O uso do galego e do castelán por parte dos alumnos parece bastante igualado, aínda que observamos un aumento do uso do castelán.
Por sexos, é evidente que hai unha relación entre lingua e sexo: os homes son maioritariamente galego-falantes e o castelán é a lingua maioritaria entre as mulleres. Esta vdiferencia de uso por sexo podería estar relacionada coa idea preconcebida (prexuízo) de que o castelán é menos bruto, polo tanto máis adecuado para as nenas, e o galego, máis bruto, acáelle ben aos nenos.

Por niveis,os alumnos do 2º ciclo empregan o galego como lingua habitual, especialmente en 3º, mentres que o castelán predomina nos cursos baixos, sendo o 2º curso con máis alumnos castelán falantes e no que só unha alumna se declara galego-falante habitual. Aínda que a diferencia de idade non é tanta entre os alumnos do centro, si parece que as novas xeracións veñen máis castelanizadas.

AS ACTITUDES LINGÜÍSTICAS ENTRE O ALUMNADO DO IES VIÓS:

As actitudes lingüísticas son as opinións, ideas e prexuízos que teñen os falantes con respecto á lingua. Un pexuízo é unha valoración negativa baseada en ideas erradas ou feita desde a ignorancia. A opinión sobre as linguas vén dada por procesos históricos e pola valoración que se ten dos seus falantes. Entra dentro do plano da subxectividade e a modificación deste tipo de opinións é un proceso moi lento e dificilmente valorable.

Para detectar as actitudes positivas ou negativas cara á lingua, o cuestionario incluía unha serie de preguntas referidas ao emprego da lingua tendo en conta o INTERLOCUTOR(idade, grao de confianza, estatus...), CONTORNO (rural ou urbano) e ao USO DAS NOVAS TECNOLOXíAS. O cuestionario era diferente para o alumnado castelán-falante e para o galego-falante e cada pregunta tiña tres posibles respostas, independentemente da lingua habitual do enquisado

A: Non se amosa prxuízo lingúístico e a valoración do galego é positiva.
B: Hai un prexuízo lingüístico non recoñecido, que se demostra ao facer un uso diglósico da lingua, considerándoa non válida para certos usos.
C: Hai un claro prexuízo lingüístico: a valoración do galego é moi negativa considerándoa unha lingua inferior ao castelán.

Estes son os resultados por curso e diferenciando tamén o sexo:





CONCLUSIÓN: En 1º é mioritario o alumnado castelán-falante, entre estes os homes teñen máis prexuízo lingüística ca as mulleres, nun 45% deles este prexuízo é moi forte. A situación muda nos galego-falantes, sendo os homes os que máis valoran a lingua que falan. Nas mulleres o prexuízo lingüístico é moito maior.





CONCLUSIÓN: Os castelán falantes non teñen unha valoración moi positiva do galego, especialmente os homes, aínda que ambos sexos amosan un prexuízo do que non son conscientes, pero que demostran nas súas actuacións Pola contra, os homes galego-falantes valoran a lingua que falan, e rexeitan o uso diglósico da mesma, é distinto nas mulleres que cambian de lingua naqueles contextos que consideran de maior prestixio.





CONCLUSIÓN: A valoración do galego é moi positiva entre os castelán-falantes, aínda que non a empreguen como lingua habitual, ningún dos enquisados empregou a resposta C, sendo os homes os que menos prexuízos mostran.
Nos galego-falantes hai unha clara diferencia entre a valoración que fan os homes, moi positiva, fronte ás mulleres, que cambian frecuentemente de lingua e incluso non a consideran válida para certos usos.





CONCLUSIÓNS: Os castelán-falantes, tanto homes coma mulleres, valoran o galego, aínda que mostren certos prexuízos dos que non son conscientes, en maior medida as mulleres. Ningún enquisado empregou a resposta c.
Entre os galego-falantes os homes mostran unha convicción lingüística moita máis forte ca as mulleres, cun maior prexuízo cara a lingua que falan, e ambos cambiarían ao castelán para determinados usos.

MEDIDAS DE APOIO E REFORZO

Para a consecución dos obxectivos fixados para este proxecto adoptaremos unha serie de medidas básicas e reais, que se poidan levar á práctica por toda a comunidade educativa.

1.- Procurar manter en todos os cursos da ESO unha porcentaxe de utilización do galego na docencia superior aos mínimos que indica o Decreto 124/2007, pois o emprego desta lingua en áreas que non son de uso obrigatorio normaliza e, sobre todo, prestixia a lingua ante o alumnado.

2.- Asegurar o emprego do galego nas actividades que se realizan no centro e non son estritamente escolares.Prestaremos especial atención ás actividades extraescolares e a todas aquelas actividades de ocio e lúdicas, pois o noso alumnado adoita cambiar de lingua segundo cambia de espazo e de situación.

3.- Asegurar a presenza do galego na realización de actividades de carácter cultural que se leven a cabo no centro, ou ás que asistan fóra del, coma representacións teatrais, concertos, cine,etc.

4.- Facilitar o acceso do alumnado ás ferramentas informáticas e de comunicación que empregan o galego como por exemplo, enderezos da blogoteca, páxinas web de contido educativo, páxinas web doutros centros de ensino que teñan carácter normalizador.

5.- Difusión da páxina web do centro en galego, así como dos blogs dos distintos Departamentos Didácticos.

6.- Facilitar a toda a comunidade educativa materiais didácticos, tanto impresos como audiovisuais, que axuden a un correcto uso da lingua.

7.- Manter contacto coa ANPA, facilitándolle toda a axuda que precise para fomentar o emprego do galego, facendo del un uso correcto e normalizado.

8.- Promover a posta ao día do profesorado tanto nos aspectos referidos á competencia xeral na lingua como á competencia específica nos aspectos lingüísticos da materia que impartan. O centro informará puntualmente ao profesorado da realización de cursos promovidos por diferentes organismos co obxecto de mellorar a competencia lingüística en galego.

9.- Promover o emprego do galego por parte do profesorado nas relacións que manteñan coas familias, co alumnado e co persoal non docente.

10.- Manter unha colaboración aberta e participativa co Concello, especialmente co Servizo de Normalización lingüística, con asociacións culturais ou deportivas, co fin de priorizar o uso do galego naqueles espazos nos que a mocidade pasa boa parte do seu tempo libre.

Medidas a adoptar para mellorar a competencia lingüística do alumnado

Extender entre o profesorado a preocupación pola corrección lingüística (ortografía, puntuación, corrección textual...) nos usos formais das linguas. Asumir a existencia dunha norma e preocuparse polo seu coñecemento por parte do profesorado e do alumnado é esencial para acadar unha competencia plena. Neste sentido, é fundamental a implicación de todo o profesorado á hora de velar polo uso correcto das linguas.

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN GALEGO

1.- Facilitar ao profesorado material informático que o axude a traballar en galego, dotando a todos os Departamentos Didácticos de: tradutores, correctores e ferramentas informáticas para elaborar recursos. Colocar nas pantallas de inicio de todos os ordenadores buscadores en galego, como Vieiros...

2.- Propoñer aos Departamentos Didácticos a realización de traballos por parte dos alumnos, tanto individualmente como por equipos, que fomenten a búsqueda de información e o manexo de vocabularios específicos de cada materia e, sobre todo, o uso correcto da lingua oral na exposición do tema aos compañeiros.

3.- Promover medidas de atención á diversidade para aqueles alumnos que se incorporen á nosa comunidade e que non teñan ningunha competencia en lingua galega.

a) Segundo as posibilidades do centro e a dispoñibilidade horaria de profesorado poderanse organizar grupos de adquisición ou reforzo da lingua .

b) Adaptación do currículo da materia de Lingua Galega e Literatura, de maneira que, sen saír da aula, se lle facilite ao alumnado a adquisición da competencia lingüística.

c) Proporcionarlles materiais atractivos que lles axuden a mellorar o seu nivel de coñecemento do idioma, tales como libros, revistas, material audiovisual, etc, que deberán ser de temas variados de maneira que se adapten, na medida do posible, aos seus gustos e intereses e á súas necesidades educativas.

d) Nas materias que teñen como lingua vehicular o galego os profesores deberán atender de xeito especial estes alumnos para cerciorarse de que o seu grao de comprensión é o correcto e, se é preciso, completar a explicación de xeito individual. Non se aconsella a tradución dos materiais, pois isto retarda e repercute negativamente na adquisición da competencia.

e) No tocante á adquisición da competencia oral por parte deste alumnado é fundamental a actuación dos seus compañeiros. Deben concienciarse de que a forma de adquirir unha lingua é a súa práctica, polo que non deben de cambiar de lingua cando se dirixan a eles, senón que deberán utilizar a lingua galega de xeito sistemático nas conversas e usos informais. O labor do profesorado neste sentido será o de concienciación deste tipo de actuación, indicándolles que o cambio de lingua non é unha axuda, senón un atranco.

4- Extender a preocupación pola corrección lingüística nos usos formais , acadando un grao de esixencia cando menos idéntico ao que se ten nos usos en castelán. Pídese a colaboración daqueles profesores que imparten a súa materia en lingua galega para que velen polo uso correcto da mesma e transmitan nos alumnos esta preocupación.

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN CASTELÁN

1.- Promover e seguir co maior grao de consenso posible as liñas lingüísticas que recolle o novo marco lexislativo do Decreto 79 / 2010: "**ten como obxectivos o de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e o de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s)".**

2.- En relación co anterior, promover e difundir entre o alumnado e as súas familias o marco lexislativo actual: exposición nos taboleiros das aulas do Decreto 79/2010.

3.- Manter o consenso lingüístico no emprego das dúas linguas ofiiciais nas actividades complementarias e extraescolares celebradas dentro ou fóra do centro.

4.- De igual xeito, manter este principio de igualdade nos concursos, certames, exposicións...que convoque ou organice o Centro, con equidade de trato e difusión das dúas linguas oficiais e promovendo igualmente o uso das dúas linguas extranxeiras.

5.- A Biblioteca do Centro en todas as súas actiividades e propostas (Club de Lectura, Hora de Lectura, exposición de novidades, adquisición de novos fondos bibliográficos, propostas e recomendacións de lecturas, carteis e anaqueis promocionais,etc.) facilitará e potenciará un trato equitativo e paritario das dúas linguas e fomentará igualmenete en todos estes aspectos as dúas linguas estranxeiras que se imparten no Centro.

6.- Conforme se recolle no Artigo 12º, punto 2 , do Decreto 79/2010, o profesorado do Departamento de Lingua Castelá e Literatura potenciará e fomentará, xa non só o uso escrito, senón tamén o uso oral do castelán como única garantía de consecución progresiva da competencia en igualdade en amabas linguas oficiais.

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

1.- Promover medidas de atención á diversidade parar aqueles alumnos que o necesiten.: adaptacións do currículo da materia e reforzo educativo.

2.- Promover que os alumnos con carencias poidan estar en desdobres onde reforcen individualmente as catro destrezas.

3.- Solicitar un auxiliar de conversa que axude a reforzar as destrezas orais.

4.- Fomentar o hábito lector en linguas estranxeiras, proporcionándolles aos alumnos libros e revistas atractivas e axeitadas aos seus gustos e intereses e que lles axuden a mellorar o seu nivel de coñecemento do idioma.

5.-Fomentar o uso das linguas estranxeiras na aula e, a ser posible, fóra dela.

6.-Fomentar o uso das linguas estranxeiras nalgunhas das actividades do Centro.

7.- Fomentar a visualización de DVD, programas de TV e música en lingua estranxeira.

8.- Propoñer aos alumnos a posibilidade de intercambiar correspondencia con rapaces doutros países en lingua estranxeira.

9.- Facilitar materiais didácticos, tanmto impresos como audiovisuais, que axuden ao correcto uso das linguas estranxeiras.

10.- Proporcionar aos alumnos unha listaxe de páxinas web e blogs que empreguen as linguas estranxeiras e que sexan de contido útil e interesante para eles.

11.- Dotar as aulas de dicionarios suficientes para que os alumnos resolvan as súas dúbidas lingüisticas.

12.- Promover a asistencia a obras de teatro, películas, etc. que utilicen as linguas estranxeiras.

13.- Difundir as novas que incidan positivamente na valoración das linguas estranxeiras e na utilidade do seu coñecemento, expoñéndoas nos taboleiros.

14.- Propoñer a realización de traballos individuais ou en equipo que fomenten a búsqueda de información sobre a cultura e as tradicións anglosaxonas e francófonas., nas linguas estranxeiras.

15.- Propoñer a realización de actividades intercurriculares quew faciliten a aprendizaxe de vocabulario específico de cada materia na lingua estranxeira.

Proposta de actuacións dinamizadoras para o curso 2010-2011

- **Difusión entre o alumnado da lexislación do uso do galego no ensino,** expoñendo nos taboleiros das aulas unha copia do Decreto 79/2010

- **Difusión entre toda a comunidade educativa de novas que incidan positivamente na valoración da lingua**, especialmente aquelas que incidan nunha perspectiva máis urbana e próxima ás idades dos alumnos. Para este fin hai habilitado un taboleiro no vestíbulo do centro onde se expoñen noticias, anuncios, novidades, etc. aportados por toda a comunidade educativa.

- **Entrega no principio de curso a todo o alumnado de material escolar en galego**: horarios, calendario do curso, tarxetas identificativas,etc. dentro dunha campaña co lema ***Empeza en galego.***

- **Elaboración dunha listaxe de enderezos electrónicos e páxinas web** nos que se atopan ferramentas informáticas como: dicionarios virtuais, vocabularios específicos, correctores de galego, tradutores, etc. para a súa difusión entre o profesorado, de xeito que lles sirva de axuda no seu traballo.

- **Conservación e difusión do patrimonio lúdico e inmaterial galego**: O EDL promoverá entre a comunidade educativa a participación en actividades encamiñadas á consecución deste obxectivo:
  - Día do Peón, 11 de novembro.
  - Xornada de xogos tradicionais no centro no mes de maio.
  - Visita co alumnado de 1º ESO ao Centro de Interpretación do Xogo Tradicional do CPI Monasterio de Caaveiro (A Capela) Esta actividade organízase conxuntamente co Departamento de Educación Física.
  - Visita ao Museo Etnográfico da Capela.

- **Colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Abegondo**.
  O EDL procurará actuar conxuntamente con ese servizo para acadar unha maior presenza do galego nos espazos públicos da localidade. Neste sentido, traballaremos en campañas comúns e na organización de obradoiros de lingua e comunicación.

- **Difusión e promoción entre o alumnado do blog do centro** : *www.iesvios.blogspot.com*

- **Mantemento e actualización do blog do EDL** :www.endlvios.blogspot.com

- **Revisión e actualización dos contidos do EDL dentro da páxina web do centro** www.iesdevios.org

- **Montaxe do vídeo *Banco de palabras* , filmado polo EDL o día da Festa das Letras no mes de maio, para a súa presentación no centro e difusión a través do blog do EDL.**

- **Colaboración con todos os Departamentos Didácticos e co Departamento de Actividades Extraescolares** na realización de actividades que supoñan, tanto a conservación das nosas tradicións, como a posta en contacto do alumnado coa realidade actual do país.

- **Asistencia a todo tipo de exposicións, obras de teatro, filmes, etc. que incidan na promoción e valorización da lingua galega.**
  O EDL fará especial fincapé este curso nas actividades de carácter cultural en lingua galega, procurando que todo o alumnado do centro teña acceso a representacións teatrais, encontros con autores, cine, concertos,etc., no propio centro ou noutros espazos.
  Con este tipo de actuacións o EDL pretende complementar, na medida do posible, as carencias específicas dun contorno rural coma o deste centro: escasa oferta de actividades culturais, e mesmo descoñecemento delas, dificultade de desprazamento do alumnado ás vilas cercanas debido aos problemas nas infraestruturas de transporte, o que fai que o noso alumnado sexa moi dependente da familia que non sempre pode conciliar vida laboral e familiar.